



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 23 de abril de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, se este fose posterior ao remate do estado de alarma, ou en caso contrario, contado a partir do día seguinte ao da finalización daquel, durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido dirixíndose á Secretaría do Concello a través da Sede Electrónica do Concello de Barreiros (<https://barreiros.sedelectronica.es/>), telefonicamente ou a través do correo electrónico administracion@concellodebarreiros.com, e presentar as alegacións que estimen oportunas. Asemade, dada a situación de estado de alarma xerada polo COVID-19 e as súas consecuencias de carácter laboral e económico para a cidadanía, establécese, de xeito extraordinario, para o pagamento en período voluntario, un prazo comprendido entre o 18 de maio e o 31 de xullo de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 23 de abril do 2020.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0793

CASTRO DE REI

Anuncio

Téndose elevado a definitivo, ó non presentarse reclamacións, o acordo de aprobación inicial da **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE CASTRO DE REI**, adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2020, publícase o texto definitivo para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos arts. 49, 65.2 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local:

" - A supresión da documentación consistente en *Fotocopia compulsada de la póliza del seguro del vehículo en la que figure el titular como conductor debidamente firmada por la Compañía y por el Tomador o Asegurado, así como fotocopia del último recibo de pago a efectos de confirmar la vigencia de la póliza*, do apartado a) do artigo 3 da devandita ordenanza, manténdose o resto do artigo."

RECURSOS: Contra esta modificación de ordenanza pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no art. 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Castro de Rei, 24 de abril de 2020.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0794

CASTROVERDE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data do 27 de abril de 2020, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ó primeiro trimestre do ano 2020:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (1º trimestre do ano 2020).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 1 de maio de 2020 ata o 30 de xuño de 2020. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 28 de abril de 2020.- O Alcalde, José María Arias Fernández.

R. 0795

A PASTORIZA

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de información pública do expediente administrativo do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2020, aprobado inicialmente en sesión extraordinaria celebrada polo Concello Pleno en data 13 de febreiro de dous mil vinte, e non téndose presentado reclamación administrativa algunha contra o mesmo durante o período de exposición ao público, considérase definitivamente aprobado, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		ANO 2020
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		

1	IMPOSTOS DIRECTOS	801.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	144.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	595.900,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.236.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	32.400,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	300,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	400,00
C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		2.810.000,00

ESTADO DE GASTOS		ANO 2020
CAP	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	674.000,00
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	1.901.600,00
3	GASTOS FINANCEIROS	20.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	135.400,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	INVESTIMENTOS REAIS	48.500,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	30.000,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		2.810.000,00

Do mesmo xeito e en cumprimento do disposto no artigo 127.d o RDL 781/1986, de 18 de abril, faise pública a plantilla de persoal:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	POSTO DE TRABAJO	NIVEL C.D.
Habilitación de carácter nacional (vacante)	1	A1	Habilitación Nacional	Secretaría – Intervención	Secretario - Interventor	28
Técnico de Xestión (vacante)	1	A2	Admon. Xeral	De xestión	Técnico de Xestión	26
Administrativos	2	C1	Admon. Xeral	Administrativa	Xefe de Negociado	22
Persoal de oficios (interinidade)	1	AP	Admon. Especial	Servizos especiais	Operario	14

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN DO POSTO	Nº PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIDA	CARACTERÍSTICAS
Enxeñeiro Técnico Agrícola	1	Enxeñeiro Técnico Agrícola	Tempo parcial
Operario de Servizos Múltiples	2	Certificado de escolaridade	Tempo completo

Conserxe Colexio	1	Certificado de escolaridade	Tempo parcial
Encargado da Biblioteca e de actividades culturais e xuvenís	1	Bacharelato superior ou equivalente	Tempo completo

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN DO POSTO	Nº PRAZAS	CARACTERÍSTICAS
Técnico Medio Área Xurídica	1	Tempo completo
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Tempo completo
Persoal atención directa PAI	2	Tempo completo
Monitores Deportivos	2	Tempo completo
Peóns servizos	3	Tempo completo

A Pastoriza, 24 de abril de 2020.- O ALCALDE, D. Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0796

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE FEBREIRO 2020**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 12 de marzo de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de febreiro 2020, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de febreiro: 3766,28 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de abril de 2020 e o 01 de xullo de 2020. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previ-o ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 23 de abril de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0798

TRIACASTELA*Anuncio*

M. Olga Iglesias Fontal, Alcaldesa do Concello de Triacastela, no exercicio das competencias que me atribue o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

De conformidade có disposto no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, corresponde ao Pleno dos Concellos a elección do Xuíz de Paz substituto. O nomeamento do Xuíz de Paz substituto terá unha vixencia de catro anos.

En tanto o período de vixencia do nomeamento está próximo a vencer, procede iniciar novamente o procedemento tendente á selección de Xuíz de Paz substituto.

A tal fin, ábrese o prazo de quince días naturais, a contar dende o día seguinte a finalización do estado de alarma, durante os cales calquera persoa interesada poderá presentar perante o Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura ao posto de Xuíz de Paz substituto, acompañada de certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI, certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración

complementaria a que fai referencia o punto 1.a) do artigo 2 da Lei 68/80, declaración xurada de non estar incapacitado para o exercicio de Xuíz de Paz substituto, xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Os candidatos deberán ter a nacionalidade española, seren maiores de idade, non acadar a idade legal e xubilación forzosa e non atoparse incursos nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que establece o artigo 303 da lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial.

Triacastela, 23 de abril de 2020.- A Alcaldesa. M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0799
